



nota de prensa

Veciñanza esixe reformas na Biblioteca Municipal que solucionen as múltiples carencias que presenta

A Biblioteca Pública de Cuntis presenta varias carencias estruturais que non son atendidas polo Goberno Municipal. Problemas de espazo, de humidades, carencia dunha rede wifi decente, carencia dun equipo audiovisual instalado, etc. son queixas que se repiten entre os/as usuarios/as.

Cuntis, 25 de novembro de 2017. O Ministerio de Educación do Goberno de España vén de premiar un proxecto de animación á lectura desenvolvido pola Biblioteca Municipal de Cuntis. Pero lonxe do que podería parecer, as dependencias nas que se desenvolve esta importante actividade presentan múltiples carencias que sistematicamente están a ser ignoradas polo Goberno Municipal. Veciñanza considera a Biblioteca Municipal como un servizo público de carácter cultural que debe ser coidado coa máxima atención, algo que o Bipartito non está a facer. Veciñanza conseguira, mediante unha emenda aos orzamentos deste ano 2017, que se incrementara ata os 3000 € o presuposto para acometer reformas estruturais no edificio (a proposta inicial da Concellaría de Cultura eran 300 €).

Son moitas e insistentes as queixas que se trasladan a respecto das instalacións, especialmente por parte de estudantes que, en moitos casos, declinan xa facer uso da Biblioteca para aproveitala como espazo de estudo e investigación debido ás súas condicións. A Biblioteca pública presenta nestes momentos un evidente **problema de espazo**: non é compatible unha zona de estudo **no mesmo espazo** no que se desenvolven programas con nenos/as. Non é presentable que a estas alturas un edificio público, especialmente unha biblioteca, **non ofrezca unha rede wifi de calidade**. Este problema non é exclusivo da Casa da Cultura Roberto Blanco Torres (na que se ubica a biblioteca) senón que tamén é compartido por outras instalacións culturais como o Centro Xosé Raído Patelas, que tamén merecería un extenso capítulo para catalogar as súas deficiencias.

A Biblioteca Municipal de Cuntis nin tan sequera dispón dun **espazo apropiado para usar como depósito de libros**. As **humidades** fan parte do decorado e os **problemas de fontanería** nos baños son do máis habitual. A cheminea filtra auga e non fai máis que alimentar estas situacións. O edificio presenta un problema de illamento. Son queixas todas elas manifestadas tanto polo persoal que traballa nas instalacións como por usuarios e usuarias deste servizo, e todas e cada unha delas foron trasladadas xa no seu momento tanto ao Concelleiro de Cultura como ao propio Alcalde.

O salón de actos está poboado de **enchufes á vista**, e **carece dun equipo audiovisual fixado debidamente** que evite que haxa que reinstalar manualmente os aparellos cada vez que cómpre utilizalos. Nesta aula abundan tamén as humidades, como se pode comprobar a simple vista.

Coidar os servizos públicos debera ser un obxectivo prioritario, e considerar as instalacións culturais como un servizo público é unha cuestión de sensibilidade. O Bipartito de Cuntis non o entende así, e polo tanto non considera prioritarios os investimentos e a planificación nunha Biblioteca Municipal que está a colleitar recoñecementos tan importantes como o Premio María Moliner.

